| 32 | COSTA PÉREZ, DANIEL | **857* | SI | CASTELÁN |
| 33 | COSTAS GRAÑA, ADRIÁN | **623* | SI | CASTELÁN |
| 34 | COSTAS HERMIDA, MARÍA CRISTINA | **273* | SI | CASTELÁN |
| 35 | COSTAS TILVE, FAUSTINO JOSÉ | **854* | SI | CASTELÁN |
| 36 | CRISISTOMO ACEVEDO, JORGE | **212* | SI | CASTELÁN |
| 37 | DANIS CASTRO, CRISTIAN | **911* | NON | CASTELÁN |
| 38 | DÍAZ DÍAZ, CAMILO | **500* | SI | CASTELÁN |
| 39 | DIAZ LÓPEZ, ALBERTO | **288* | SI | CASTELÁN |
| 40 | DÍAZ SOBRAL, DIEGO | **172* | SI | CASTELÁN |
| 41 | DUARTE INGERTO, UNAI | **218* | SI | CASTELÁN |
| 42 | DUARTE INGERTO, URKO | **282* | SI | CASTELÁN |
| 43 | ESCOLANTE PÉREZ, ROCÍO | **765* | SI | CASTELÁN |
| 44 | ESCUDERO HERNÁNDEZ, MANUEL ANTONIO | **294* | SI | CASTELÁN |
| 45 | FARO DEL PICO, SERGIO | **514* | NON | CASTELÁN |
| 46 | FERNÁNDEZ OTERO, SERGIO | **305* | SI | CASTELÁN |
| 47 | FOLGUEIRA RODRIGUEZ, MARIO | **501* | SI | CASTELÁN |
| 48 | FORMOSO MEIZOSO, RAFAEL | **187* | SI | CASTELÁN |
| 49 | FRANCO GARCÍA, ÁLVARO | **946* | SI | CASTELÁN |
| 50 | FUENTES BALBOA, JONATHAN | **903* | SI | CASTELÁN |
| 51 | FUENTES TORRALBA, MIGUEL ÁNGEL | **605* | NON | CASTELÁN |
| 52 | GAGO GALDO, ALEJANDRO | **741* | SI | CASTELÁN |
| 53 | GAGO GALDO, TANIA | **739* | SI | CASTELÁN |
| 54 | GALAN LAGÜELA, DAVID | **049* | NON | CASTELÁN |
| 55 | GALLEGO CAAMAÑO, FRANCISCO JOSÉ | **283* | SI | CASTELÁN |
| 56 | GALLEGO RAMIL, CARLOS | **155* | SI | CASTELÁN |
| 57 | GARCÍA FERÁNDEZ, MARÍA ISABEL | **199* | SI | CASTELÁN |
| 58 | GARCÍA SIMARRO, CLARA | **360* | NON | CASTELÁN |
| 59 | GARRIDO BLANCO, ISRAEL | **954* | SI | CASTELÁN |
| 60 | GAYOSO DÍAZ, SERGIO | **312* | SI | CASTELÁN |
| 61 | GESTO AREOSA, PABLO | **665* | SI | CASTELÁN |
| 62 | GIL MARZÁBAL, RUBÉN | **105* | SI | CASTELÁN |
| 63 | GONDAR ALVARIÑAS, IAGO | **576* | SI | CASTELÁN |
| 64 | GONZÁLEZ IGLESIAS, JESÚS | **409* | SI | CASTELÁN |
| 65 | GONZÁLEZ LAGE, RUBÉN | **205* | SI | CASTELÁN |
| 66 | GONZÁLEZ VÁZQUEZ, MARCOS | **685* | SI | CASTELÁN |
| 67 | GREGORES CARRERA, DOMINGO | **355* | SI | CASTELÁN |
| 68 | HACHERO ÁLVAREZ, NOELIA | **062* | NON | CASTELÁN |
| 69 | HIDALGO LÓPEZ, DIANA MARCELA | **474* | NON | CASTELÁN |
| 70 | IGLESIAS GARCÍA, IVÁN | **369* | SI | CASTELÁN |
| 71 | IGLESIAS GIL, BÁRBARA | **156* | SI | CASTELÁN |
| 72 | JAMLADI KHARBOUCHE, JIHANE | **640* | SI | CASTELÁN |

Anuncio publicado en: Num BOP 92 año 2023 (22/04/2023 08:00:00)

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 73 | JATO RODRÍGUEZ, HÉCTOR | **646* | SI | CASTELÁN |
| 74 | LAMAS TORRES, VÍCTOR | **939* | NON | CASTELÁN |
| 75 | LAMELA ARIAS, DAVID | **821* | SI | CASTELÁN |
| 76 | LEBON SANTOS, PABLO | **090* | SI | CASTELÁN |
| 77 | LEMOS HORRILLO, ÁNGEL | **515* | SI | CASTELÁN |
| 78 | LISTE GARCÍA, MANUEL | **714* | SI | CASTELÁN |
| 79 | LIZ ARIAS, JAVIER | **145* | SI | CASTELÁN |
| 80 | LODEIDO GARCÍA, VERÓNICA | **807* | SI | CASTELÁN |
| 81 | LÓPEZ BOBILLO, RAQUEL | **144* | SI | CASTELÁN |
| 82 | LÓPEZ CARPENTE, MARTÍN | **616* | SI | CASTELÁN |
| 83 | LÓPEZ CELA, MARCOS | **836* | SI | CASTELÁN |
| 84 | LÓPEZ DEL RÍO, EUGENIO | **257* | SI | CASTELÁN |
| 85 | LÓPEZ REAL, LOURDES | **262* | SI | CASTELÁN |
| 86 | LÓPEZ SÁNCHEZ, MARTA | **046* | SI | CASTELÁN |
| 87 | LORENZO CUIÑAS, ÁLVARO | **272* | SI | CASTELÁN |
| 88 | LUSQUIÑOS GONZÁLEZ, ANA MARÍA | **248* | SI | CASTELÁN |
| 89 | MAGARIÑOS BREY, DAVID | **711* | SI | CASTELÁN |
| 90 | MARCIEL CALAZA, MIGUEL | **907* | SI | CASTELÁN |
| 91 | MARQUEZ PÉREZ, BORJA | **115* | SI | CASTELÁN |
| 92 | MARTÍNEZ ESTRAVIZ, HÉCTOR MANUEL | **562* | SI | CASTELÁN |
| 93 | MARTÍNEZ MOURE, TELMO | **427* | SI | CASTELÁN |
| 94 | MELIAN OTERO, LUCAS | **819* | SI | CASTELÁN |
| 95 | MÉNDEZ CALOTO, ADRIÁN | **496* | SI | CASTELÁN |
| 96 | MÉNDEZ PÉREZ, ALEXANDRA | **124* | NON | CASTELÁN |
| 97 | MONTES GALLEGO, NOA | **760* | SI | CASTELÁN |
| 98 | MOREIRA FERNÁNDEZ, TANIA | **352* | SI | CASTELÁN |
| 99 | MUINELO RODRÍGUEZ, MARCOS | **449* | SI | CASTELÁN |
| 100 | NIETO MARTÍNEZ, VÍCTOR | **560* | SI | GALEGO |
| 101 | NOGUEIRA ALONSO, MARTA | **639* | NON | CASTELÁN |
| 102 | NOVO VÁZQAUEZ, XOAQUÍN MIGUEL | **505* | SI | CASTELÁN |
| 103 | OTERO TEIRA, CÉSAR | **608* | SI | CASTELÁN |
| 104 | PACIO PRADO, ALBERTO | **475* | SI | CASTELÁN |
| 105 | PAIS TALLÓN, LUIS | **289* | NON | CASTELÁN |
| 106 | PALMEIRO GÓMEZ, RUBÉN | **091* | SI | CASTELÁN |
| 107 | PARDAL GONZÁLEZ, FRANCISCO | **060* | SI | CASTELÁN |
| 108 | PARGA LÓPEZ, ALEXANDRE | **211* | SI | CASTELÁN |
| 109 | PAVÓN CAMPOS, FELIPE | **154* | SI | CASTELÁN |
| 110 | PENA LÓPEZ-BOADO, ALEJANDRO JOSÉ | **939* | SI | CASTELÁN |
| 111 | PÉREZ BREA, SARA | **065* | SI | CASTELÁN |
| 112 | PÉREZ FERNÁNDEZ, MARCOS | **562* | SI | CASTELÁN |
| 113 | PÉREZ MALNERO, ANA MARÍA | **923* | NON | CASTELÁN |
| 114 | PIN GRAÑA, FERNANDO | **026* | SI | CASTELÁN |
| 115 | PIÑEIRO GRAÑA, SERGIO | **302* | SI | CASTELÁN |
| 116 | PISOS IGLESIAS, PEDRO | **850* | SI | CASTELÁN |
| 117 | PLACES FERNÁNDEZ, ALEJANDRO | **371* | SI | CASTELÁN |
| 118 | POSE DOMÍNGUEZ, JOSÉ LUIS | **697* | NON | CASTELÁN |

Anuncio publicado en: Num BOP 92 año 2023 (22/04/2023 08:00:00)

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 119 | PRADO DE LA TORRE, JAVIER | **593* | SI | GALEGO |
| 120 | PRADOS ARIAS, ALEJANDRO | **179* | SI | CASTELÁN |
| 121 | PREDOSO FERNÁNDEZ, AARÓN | **013* | NON | CASTELÁN |
| 122 | PUENTE FERNÁNDEZ, ALBA | **761* | SI | CASTELÁN |
| 123 | QUINTE PÉREZ, JAVIER | **991* | SI | NON CONSTA |
| 124 | QUINTELA LUGILDE, ALBA | **065* | SI | CASTELÁN |
| 125 | RABADE LEDO, ÁNGEL | **380* | SI | CASTELÁN |
| 126 | REBOLO LÓPEZ, ALEJANDRO | **458* | SI | CASTELÁN |
| 127 | REGO ROMÁN, JOSÉ FRANCISCO | **175* | SI | CASTELÁN |
| 128 | REGUEIRA REIGOSA, ÁLVARO | **034* | SI | CASTELÁN |
| 129 | RICO CASTIÑEIRAS, JOAQUÍN | **734* | SI | CASTELÁN |
| 130 | RIVAS PARADA, JAVIER | **480* | SI | CASTELÁN |
| 131 | RODRÍGUEZ CORRAL, ANDREA | **192* | NON | CASTELÁN |
| 132 | RODRÍGUEZ FERREIRO, RUBÉN | **850* | SI | CASTELÁN |
| 133 | RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, JOSÉ ANTONIO | **523* | SI | CASTELÁN |
| 134 | RODRÍGUEZ LÓPEZ, ISMAEL | **644* | NON | CASTELÁN |
| 135 | RODRÍGUEZ SANTÍN, PABLO | **049* | SI | CASTELÁN |
| 136 | ROEL OTERO, VERÓNICA | **523* | SI* | CASTELÁN |
| 137 | ROEL VALLO, MARCOS | **968* | SI | CASTELÁN |
| 138 | ROMERO GÓMES, CAMILA CLARISSE | **770* | SI | CASTELÁN |
| 139 | SALAS ECHEVARRÍA, GUALBERTO ELIAS | **915* | NON | CASTELÁN |
| 140 | SARTAGES TORRES, IVÁN | **463* | SI | CASTELÁN |
| 141 | SOTELO FERNÁNDEZ, DANIEL | **143* | NON | CASTELÁN |
| 142 | SOTO CARLIN, ANDRÉS | **775* | SI | CASTELÁN |
| 143 | SOTO RODRÍGUEZ, DAVID | **987* | SI | CASTELÁN |
| 144 | SOUTO PRIETO, RAUL | **103* | NON | CASTELÁN |
| 145 | SOUTO VIGO, JESÚS | **328* | SI | CASTELÁN |
| 146 | SUÁREZ CASTIÑEIRA, MARTA | **467* | SI | CASTELÁN |
| 147 | SUÁREZ LODEIRO, SERGIO | **420* | SI | GALEGO |
| 148 | TIMIRAOS FERNÁNEZ, ANA | **485* | SI | CASTELÁN |
| 149 | TORRES FRAILE, EMILIO | **134* | SI | CASTELÁN |
| 150 | TOUCEDO CAAMAÑO, RODRIGO | **360* | SI | CASTELÁN |
| 151 | VALCARCEL GALLEGO, BIEITO | **384* | SI | CASTELÁN |
| 152 | VARELA VÁZQUEZ, DANIEL ALEJANDRO | **489* | SI | CASTELÁN |
| 153 | VARELA VÁZQUEZ, EUGENIO MARÍA | **309* | SI | CASTELÁN |
| 154 | VÁZQUEZ LÓPEZ, DAVID | **522* | NON | CASTELÁN |
| 155 | VÁZQUEZ LÓPEZ, MARTÍN | **200* | SI | CASTELÁN |
| 156 | VÁZQUEZ REIJA, IVÁN | **597* | SI | CASTELÁN |
| 157 | VÁZQUEZ SANDE, DANIEL | **130* | SI | CASTELÁN |
| 158 | VÁZQUEZ VEIGA, LARA | **711* | SI | CASTELÁN |
| 159 | VIDAL PAREDES, JAVIER MARÍA | **304* | SI | CASTELÁN |
| 160 | VIDAL POUPIN, JAVIER | **628* | NON | CASTELÁN |
| 161 | VILABOA GARCÍA, DANIEL | **289* | SI | CASTELÁN |
| 162 | VILARIÑO GERPE, ELOY | **018* | SI | CASTELÁN |
| 163 | VILLACERDE PARADA, CARLOTA | **493* | SI | CASTELÁN |
| 164 | VISO HERVELLA, ALEIXO | **528* | SI | CASTELÁN |

Anuncio publicado en: Num BOP 92 año 2023 (22/04/2023 08:00:00)

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 165 | VIVERO ALDREY, RUBÉN DARÍO | **628* | SI | CASTELÁN |

**2 – NON ADMITIDOS:**

| APELIDOS E NOME | DNI | CAUSA EXCLUSIÓN |
|---|---|---|
| PÉREZ CARRERA, RAQUEL | **692* | Declaración xurada incompleta sen DNI |
| ÁLVAREZ LÓPEZ, BORJA | **755* | Modelo de instancia e declaración xurada sen asinar |
| ÁLVAREZ PENA, ARMANDO | **820* | Non presentar o certificado médico |
| CANDAL PARDO, JESUS | **227* | Non presentar o modelo de instancia recollido das bases |
| CASCUDO GARCIA, MARTIN | **921* | Só acredita Acceso universidade falta Graduado ESO (ORDE EDU/1603/2009 Art.4.3) |
| CUMBRAOS CASANOVA, ALEJANDRO | **293* | Presenta instancia e declaración responsable sen asinar |
| DELGADO ROJO, AINOA MARÍA | **211* | Non presentar o modelo de instancia recollido das bases. Non presentar o certificado médico |
| DOSOUTO GONZÁLEZ, JOSÉ MANUEL | **285* | Non presentar o certificado médico |
| ESTRAVIZ CERDEIRA, ADRIÁN | **682* | Non presentar o modelo de instancia recollido das bases Non presentar o certificado médico |
| FIGUERAS GONZÁLEZ, BRAIS | **739* | Non presentar o certificado médico |
| LAMAS VILLAVERDE, SERGIO | **780* | Non aporta certificado médico co condito esixido nas bases |
| LOMBARDÍA SUÁREZ, DANIEL | **976* | Non presentar o modelo de instancia recollido nas bases / Formato declaración xurada ilexible |
| LÓPEZ GONZÁLEZ, ALBERTO | **942* | Non presentar o modelo de instancia recollido das bases \| Non presentar certificado de inexistencia de antecedentes penais \| Non presentar certificado médico |
| LÓPEZ GUTIÉRREZ, MARTÍN | **128* | O contido do certificado médico non se axusta ao esixido nas bases |
| LÓPEZ LÓPEZ, ÁNGEL ADRIÁN | **258* | Só acredita Acceso universidade falta Graduado ESO (ORDE EDU/1603/2009 Art.4.3) |
| LÓPEZ PÉREZ, MARTA | **226* | Non aporta Certificado de inexistencia de antecedentes penais Non aporta certificado médico |
| LOURES LIÑARES, MIRELLA | **821* | NON SUBSANA CORRECTAMENTE falta Non presentar o modelo de instancia recollido nas bases \| Non presentar certificado de inexistencia de antecedentes penais |
| NAVEIRA RODRÍGUEZ, IRENE | **728* | Non presentar o certificado médico |
| ORDOÑEZ SAYAN, VANESA | **058* | NON SUBSANA CORRECTAMENTE. Non presentar certificado de inexistencia de antecedentes penais |
| RIVAS PARADA, ALEJANDRO | **796* | Non presentar o modelo de instancia recollido das bases \| O contido do certificado médico non se axusta ao esixido nas bases \| Declaración xurada incompleta |
| RODRÍGUEZ AGUIN, MARÍA ANTÍA | **214* | Non presentar certificado de inexistencia de antecedentes penais |
| SÁNCHEZ ESMORIS, CAROL | **674* | Non presentar o modelo de instancia recollido das bases \| Non aporta certificado médico \| Non aporta xustificante pago taxas \| Non aporta declaración xurada |
| SÁNCHEZ MOLINA, ADRIÁN | **013* | Non presentar o modelo de instancia recollido das bases |
| SÁNCHEZ ORDOÑEZ, MIGUEL | **804* | Non aporta certificado médico co condito esixido nas bases |
| SOTO PRADO, ANA MARÍA | **680* | Non presentar o certificado médico |
| VÁZQUEZ PACHECO, BRYAN | **552* | Non presentar certificado médico |

**SEGUNDO.** Publicar, conforme o punto 4 das bases a relación definitiva de admitidos e excluídos, no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Sarria https://sarria.sedelectronica.es

**TERCEIRO.** Nomear como membros do tribunal cualificador, conforme ao punto 5 das bases, a:

**- PRESIDENCIA:**

**Titular:** Jesús Piñeiro Santos. Intendente Xefe da Policía Local do Concello de Lugo.

Suplente: José Luis Piñeiro Santos. Inspector da Policía Local do Concello de Lugo.

Anuncio publicado en: Num BOP 92 año 2023 (22/04/2023 08:00:00)

<u>- VOGALÍAS:</u>

**Titular:** José Manuel Río Espiño. Inspector da Policía Local do Concello de Lugo.

Suplente: Javier Arias Ferrería. Oficial da Policía Local do Concello de Lugo

**Titular:** Alberto Rincón Bueno. Policía Local do Concello de Sarria.

Suplente: Olga Fariñas Prado. Administrativa do Concello de Sarria.

**Titular:** Ana María Lombao Fouz. Policía Local do Concello de Sarria.

Suplente: Fermín López Cabana. Asesor Xurídico do Concello de Sarria.

<u>- SECRETARÍA:</u>

**Titular:** Patricia Fanego Candia. Técnico de Persoal do Concello de Sarria

Suplente: Ana María Rebolo Varela. Administrativa do Concello de Sarria.

**CUARTO.** Nomear, como persoal colaborador/controlador, ás seguintes persoas, para prestar apoio na realización da primeira proba (test) e da proba de galego:

- Patricia Díaz de Freijo Resco. Auxiliar Administrativo da Oficina de Información Xuvenil do Concello de Sarria de Sarria.
- Yago López González. Auxiliar da Policía Local do Concello de Sarria.
- Jesús González Martínez. Policía Local do Concello de Sarria.

**QUINTO.** Notificar esta resolución aos membros do tribunal para a súa constitución, así como ao persoal colaborador/controlador.

**SEXTO.** Fixar, segundo o establecido na base 4.3, o lugar, data e hora de celebración do primeiro exercicio (proba de coñecementos):

- **LUGAR: Instituto de Educación Secundaria Gregorio Fernández**
- **DIRECCIÓN: Rúa Castelao, sn, 27600, Sarria**
- **DATA: xoves 27 de abril de 2023**
- **HORA: 17:00**

Segundo o estabrecido na base 7.2, a proba de avaliación do coñecemento da lingua galega realizarase a continuación da proba de coñecementos.

Segundo a base 4.4, comezado o proceso selectivo, a publicación dos sucesivos anuncios para a celebración de probas restantes, así como a listaxe dos/as aspirantes aprobados/as en cada exercicio, efectuarase no taboleiro da sede electrónica do Concello de Sarria https://sarria.sedelectronica.es

Sarria, 19 de abril de 2023.- O Alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 1224

## O SAVIÑAO

*Anuncio*

**CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA CONSTITUCIÓN DE BOLSA DE EMPREGO PARA A COBERTURA TEMPORAL DAS NECESIDADES DO SERVIZO DE BIBLIOTECA MUNICIPAL**: Por Resolución desta Alcaldía de data 18 de abril de 2023, aprobáronse a convocatoria e as bases do citado proceso selectivo, facéndose público mediante anuncio no BOP de Lugo, na sede electrónica https://concellodosavinao.sedelectronica.gal e no taboleiro de anuncios do concello.

**BASES QUE VAN A REXER O PROCESO SELECTIVO PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A COBERTURA TEMPORAL DAS NECESIDADES DO SERVIZO DE BIBLIOTECA MUNICIPAL. SISTEMA DE CONCURSO (Expte. 496/2023).**

**1.- Obxecto da convocatoria**

1.1.- Constitúe o obxecto da presente convocatoria a constitución dunha Bolsa de Emprego na categoría de bibliotecaria/o, grupo 2, mediante contratación laboral temporal, que permita cubrir de forma áxil os períodos de vacacións, baixas, permisos, licenzas e outras circunstancias do servizo, en situacións coxunturais de urxencia e necesidade, polo sistema de concurso.

Anuncio publicado en: Num BOP 92 año 2023 (22/04/2023 08:00:00)

1.2.- O contrato será de carácter laboral temporal, de duración determinada, baixo a modalidade contractual prevista no artigo 15.2 do Estatuto dos Traballadores e desenvolvida no R.D. 2720/98, para cubrir as necesidades do Servizo de Biblioteca municipal do Concello de O Saviñao, xeradas por dereito a vacacións, baixas laborais e outras situacións coxunturais do persoal da Biblioteca deste Concello.

O salario mensual bruto será de 1.309,53 euros, mais o prorrateo das pagas extraordinarias.

O contrato estará suxeito á normativa de incompatibilidades prevista para os empregados públicos na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do personal ó servizo das Administracións Públicas.

A duración previsible dos contratos será a necesaria para a cobertura das necesidades xeradas e, en concreto, para cubrir supostos como:

-Substitución de traballadora en situación de incapacidade temporal.

-Substitución de vacacións, licenzas e permisos.

-Acumulación de tarefas de carácter puntual no servizo.

-Calquera outra que esixa a inmediatez na contratación para a atención do servizo.

1.3.- O sistema de selección dos aspirantes será o de concurso.

**2.- Normativa aplicable**

O procedemento selectivo regularase polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, polo establecido nas seguintes disposicións:

1. Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro (TRLEBEP).

2. Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública (LMRFP).

3. Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG).

4. Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

5. Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril (TRRL).

6. Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de administración local.

7. Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro (TRLET).

8. Decreto 95/1991, de 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección do persoal da administración da Comunidade Autónoma de Galicia, no que non se opoña á Lei 2/2015, de 29 de abril do Emprego Público de Galicia.

9. Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado e demáis disposicións aplicables.

10. Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do estado para 2023 (LOXE 2023).

11. Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do estatuto dos traballadores en materia de contratos de duración determinada (RD 2720/1998).

12. Restantes normas e disposicións de aplicación.

**3.- Características do posto de traballo**

O persoal que resulte contratado, no seu momento, realizará as tarefas de atención ás persoas usuarias do Servizo de Biblioteca municipal, colocación e ordenación de fondos bibliográficos, tarefas de apoio e rexistro de fondos bibliográficos e preparación dos mesmos para a súa posta a disposición do público, introducción de datos correspondentes ao rexistro de exemplares nas bases de datos bibliográficas, realizar a través da Biblioteca as campañas de animación sociocultural e de promoción da lectura que se lle encomenden, responder en todo momento do material e libros que se lle confíen, servizo de préstamo e devolución de libros, expedición de carnés de usuario/a, así como aquelas outras funcións que se lle encomenden no ámbito de desenvolvemento de actividade da Biblioteca municipal.

A xornada laboral será a tempo completo (100 %). Os horarios de traballo poderán ser de mañá, de tarde, ou a xornada partida, segundo as necesidades do servizo.

**4. Requisitos dos/as participantes**

Poderán participar no proceso selectivo os/as aspirantes que reúnan, á data de remate do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos establecidos no artigo 56 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do

Anuncio publicado en: Num BOP 92 año 2023 (22/04/2023 08:00:00)

Empregado Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro e 50 da Lei 2/2015, da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia:

- Nacionalidade: ter nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, permita o acceso ao emprego público.
- Idade: ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- Capacidade funcional: posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas que son obxecto do correspondente contrato.
- Habilitación: non ter sido despedido/a, mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- Compatibilidade: non estar incurso/a en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas (LIPAP).
- Titulación: Estar en posesión ou en condicións de obter o título universitario de grao na rama de humanidades ou ciencias sociais. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.
- Carencia de delitos de natureza sexual.

**5. Publicidade da convocatoria**

A convocatoria e as bases publicarase no (BOP) Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do concello de O Saviñao: https://concellodosavinao.sedelectronica.gal

Os sucesivos anuncios en relación con este proceso, publicaranse no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello. A solicitude acomodarase ao modelo previsto no Anexo II destas bases.

**6. Forma, lugar e prazo de presentación de solicitudes**

Os que desexen tomar parte neste proceso de selección deberán presentar a súa solicitude, segundo o modelo previsto no Anexo I, dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de O Saviñao.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeneral deste Concello ou por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de **DEZ (10) días hábiles,** contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Se o último día do prazo coincide con sábado, domingo ou festivo, entenderase que o prazo remata o primeiro día hábil seguinte.

No caso de presentar a documentación a través dalgún dos outros medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os/as aspirantes deberán poñelo en coñecemento do Concello de O Saviñao, remitindo copia escaneada da súa solicitude co rexistro de entrada da Administración onde se teña presentado, a través do correo electrónico savinao@telefonica.net dentro do prazo de presentación de instancias. Sen este requisito (aviso de presentación) non será admitida a devandita solicitude.

Xunto coas instancias solicitando participar no proceso, deberá presentarse a seguinte documentación, orixinal, copia autenticada ou copia compulsada:

- Solicitude de participación: **Anexo I** destas bases, debidamente cumplimentada e asinada polo solicitante.
- DNI ou, no seu caso, pasaporte.
- Grado ou titulación equivalente.
- Certificado de non ter antecedentes referidos a delitos de natureza sexual.
- Declaración responsable, asinada polo aspirante, de non estar afectada/o por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo da Administración Pública e de non ter sido separada/o do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer funcións similares ás que desenvolvían no caso do persoal laboral, no que tivera sido separado ou inhabilitado, segundo o modelo que se inserta nestas bases como **Anexo II**. No caso de ser nacional doutro Estado, declaración responsable asinada pola/o aspirante de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas e de non estar inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- Informe de informe de vida laboral **actualizado** á data de presentación de instancias.

Anuncio publicado en: Num BOP 92 año 2023 (22/04/2023 08:00:00)

- Documentación acreditativa dos méritos que se aleguen a efectos de valoración na fase de concurso, incluíndo a COPIA DOS CONTRATOS ou certificado de empresa - xunto coa vida laboral ACTUALIZADA- , así como diplomas, cursos, etc...

Deberanse acompañar á solicitude as xustificacións documentais debidamente compulsadas dos méritos que desexen alegar en relación coa praza que se convoca.

Non se valorarán os méritos que non estean acreditados documentalmente ou que, a xuízo do Tribunal, non estean suficientemente acreditados. A non acreditación dos méritos alegados determinará que estes non sexan tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán aínda que se acrediten fora do prazo de presentación de instancias, xa que non poderá subsanarse. Tampouco se requirirá aos interesados para que os acrediten.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

**7. Admisión de aspirantes**

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo de 5 días hábiles, declarando aprobada a lista provisional de admitido/as e excluído/as. Na devandita resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do concello de O Saviñao, indicando o motivo da exclusión, sinalarase un prazo de **3 días hábiles** para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a súa exclusión.

As alegacións presentadas serán resoltas no prazo de 3 días dende a finalización do prazo para presentación. Transcorrido devandito prazo sen que se ditara resolución algunha, as alegacións entenderanse desestimadas.

Transcorrido o prazo de emenda pola Alcaldía, aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello. Nesta mesma Resolución sinalarase a data de baremación dos méritos e a composición do tribunal cualificador.

No caso de non haber excluídos, nin se precise do trámite de emenda, ditarase unha soa Resolución coa lista definitiva de aspirantes admitidos, data de baremación dos méritos e a composición do tribunal cualificador.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos solicitantes a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesadas/os decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación no procedemento selectivo.

Os datos persoais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificación) dos candidatos/as que participen no proceso de selección, serán utilizados unicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na lexislación vixente.

**8. Tribunal Cualificador**

O Tribunal será nomeado mediante Resolución de Alcaldía que se publicará xunto coa relación definitiva de aspirantes admitidos.

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home.

O tribunal estará constituído por 5 membros, cos seus respectivos suplentes: Presidente/a, 3 vogais, e secretario/a ou persoa en quen delegue. O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia da/o presidenta/o e da/o secretaria/o ou dos que legalmente os substitúan.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

A abstención e recusación dos membros do tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O tribunal terá a seguinte constitución:

Presidente/a: Un/ha funcionario/a ou persoal laboral pertencente a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

Secretario/a: O da Corporación ou persoa que o substitúa.

Vogais: Tres funcionarios/as ou persoal laboral pertencente a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na lei 40/2015, de 1 de outubro, Réxime xurídico do Sector Público, levantando acta de cada sesión.

Os órganos de selección actúan con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e os seus membros son persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, da

Anuncio publicado en: Num BOP 92 año 2023 (22/04/2023 08:00:00)

confidencialidade da baremación e do estrito cumprimento das bases da convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a baremación dos méritos, así como adoptar as medidas que resulten necesarias.

**9. Sistemas de Selección e Desenvolvemento do Proceso**

**PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN**

O procedemento de selección dos aspirantes será o **CONCURSO DE MÉRITOS:**

Puntuación máxima: **10 puntos**.

**Méritos computables:**

**1. Experiencia profesional: máximo 6 puntos.**

- Por cada mes completo de servizos prestados nunha Administración Pública no posto de bibliotecaria/a ou categoría similar mediante relación laboral ou funcionarial: 0,20 puntos, ata un máximo de **4 puntos**.

- Por cada mes completo de servizos prestados en empresas privadas no posto de bibliotecaria/a ou categoría similar mediante relación laboral: 0,10 puntos, ata un máximo de **2 puntos.**

No se terán en conta á hora de efectuar a valoración os períodos inferiores ao mes de servizo.

Os méritos alegados acreditaranse mediante **informe de VIDA LABORAL ao que se lle deberán xuntar os oportunos CONTRATOS ou CERTIFICACION expedida pola Administración onde se prestaron os servizos**. Na dita documentación deberá quedar acreditado a equivalencia entre os postos desempeñados cos da presente convocatoria.

**2. Formación: máximo 4 puntos.**

- Por cursos de formación sobre materias directamente relacionadas co posto de traballo, impartidos por Administracións Públicas, Organismos Oficiais dependentes de calquera das administración públicas ou homologados por estas. Ata un máximo de **3 puntos**, de acordo coa seguinte escala :

a) Por cada curso de ata 30 horas : 0,20 puntos .

b) Por cada curso de ata 31 a 100 horas lectivas : 0,30 puntos .

c) Por cada curso de 101 a 200 horas lectivas : 0,50 puntos .

d) Por cada curso de máis de 200 horas lectivas : 0,75 puntos .

Os méritos alegados neste apartado acreditaranse mediante a presentación do orixinal ou copia compulsada do título ou certificado de realización de cada curso, no que deberá constar expresamente o número de horas do curso e un resumo das materias impartidas.

Non se valorarán os cursos que non acrediten as datas de realización e as horas de duración nin os cursos que a xuízo do Tribunal non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións do posto.

- Por coñecemento da lingua galega: **máximo 1 punto.**

* Nivel Celga 1: 0,25 puntos.

* Nivel Celga 2: 0,50 puntos.

* Nivel Celga 3: 0,75 puntos.

* Nivel Celga 4: 1 punto.

Aplicarase a citada puntuación por unha soa titulación e só pola máis alta alcanzada.

**10. Cualificación final**

O resultado final do proceso de selección, será o que resulte da suma da puntuación de todos os méritos. En caso de empate de puntuacións resolverase a favor dos aspirantes que acaden maior número de puntos no apartado de experiencia profesional (apartado 1). De persistir o empate resolverase a favor dos aspirantes que acaden maior número de puntos no apartado de formación (apartado 2). Se persiste o empate resolverase por sorteo público.

O tribunal publicará no taboleiro de anuncios e na sede electrónica https://concellodosavinao.sedelectronica.gal a puntuación definitiva do proceso selectivo.

Anuncio publicado en: Num BOP 92 año 2023 (22/04/2023 08:00:00)

Os aspirantes disporán dun prazo de un (3) días hábiles, a partir do seguinte ao da publicación para efectuar as alegacións pertinentes.

**11. Bolsa de emprego**

Finalizado o proceso selectivo e, resoltas no seu caso as reclamacións, o tribunal elevará a proposta á Alcaldía dos candidatos para que se aprobe a constitución da **bolsa de emprego** (LISTA DE AGARDA) coa orde de prelación definitiva de aspirantes, por orde decrecente de puntuación, para asegurar a cobertura do posto cando se produzan determinadas eventualidades temporais: vacacións, incapacidade temporal, permisos, licenzas, situacións coxunturais de urxencia e necesidade ou calquera outra circunstancia que se presente, quedando garantizado deste xeito o funcionamento do servizo de Biblioteca municipal.

A bolsa de emprego (LISTA DE AGARDA) publicarase no taboleiro de anuncios e na sede electrónica https://concellodosavinao.sedelectronica.gal .

É condición inescusable para a pertenza á devandita lista o mantemento durante a vixencia desta dos requisitos relacionados na base número 4.

O chamamento dos/as aspirantes que figuren na lista de agarda, utilizarase cando por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, sexa necesaria a contratación laboral temporal en calquera das modalidades existentes.

Os chamamentos dos/as aspirantes efectuaranse pola orde na que estes/as figuran na lista de espera.

Os chamamentos efectuaranse mediante chamada telefónica e correo electrónico. Realizaranse un máximo de tres chamadas entre as 8:00 e as 15:00 horas, mediando entre elas un mínimo de dúas horas e o envío dun correo electrónico, de ser posible e necesario. Se no se tivera resposta en ningunha das tres chamadas nin ao correo electrónico, considerarase realizado o chamamento.

A realización dos chamamentos na forma indicada requirirá que os/as aspirantes teñan facilitado nas súas solicitudes de participación no proceso, ou en comunicación posterior presentada no rexistro municipal, os datos correctos necesarios (número/os de teléfono e dirección de correo electrónico). Para estes efectos, as persoas aspirantes deberán manter actualizados os datos relativos ao teléfono de contacto e correo electrónico, debendo comunicar ao concello calquera modificación dos mesmos.

A aceptación da oferta efectuarase por escrito con rexistro de entrada no Concello de O Saviñao, antes das 14:00 horas do segundo día hábil seguinte ao do chamamento. Transcorrido o dito prazo sen que se produza a aceptación, entenderase rexeitada.

O resultado dos chamamentos quedará reflectido no expediente.

Os/as integrantes da lista serán movidos/as ao final da lista polos seguintes motivos:

· Non aceptar, ou non responder dentro do prazo fixado, tras a realización dunha oferta.
· Non presentar, dentro do prazo fixado tras a aceptación dunha oferta, a documentación requirida para a contratación laboral, ou se da mesma se deducise que carece dalgún dos requisitos esixidos.
· Renunciar á continuidade no desempeño dun posto de traballo, ou ter sido separado do servizo por sanción disciplinaria, unha vez que foi nomeado/a.
· No caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida, ou outros supostos nos que a persoa aspirante aprobada non chegue a formalizar o contrato será substituída pola seguinte seguindo a orde de prelación da lista de espera.

Consideraranse como causas xustificadas para a renuncia ao chamamento, as seguintes:

a) Ser beneficiario/a dunha prestación recoñecida pola Seguridade Social (maternidade, paternidade, risco durante o embarazo, etc.).

b) Atoparse en situación de incapacidade médica que impida de xeito temporal o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo.

c) Estar prestando servizos ao concello noutra praza ou posto de traballo.

En calquera destes casos conservarase o posto na lista, sen prexuízo do chamamento, nese momento, á seguinte persoa na lista.

**Baixa definitiva**

Daranse de baixa definitiva da lista a aquelas persoas que:

Voluntariamente se así o solicitan mediante escrito presentado no concello.

Non reúnan os requisitos esixidos na convocatoria, sen prexuízo das responsabilidades en que puidera incorrer por falsidade.

Falezan, sexan incapacitadas permanentemente, cumpran a idade regulamentaria de xubilación, ou queden inhabilitadas definitivamente para o desenvolvemento de responsabilidades e funcións publicas públicas.

Anuncio publicado en: Num BOP 92 año 2023 (22/04/2023 08:00:00)

**Vixencia da lista**

A lista de espera resultante deste proceso selectivo permanecerá en vigor ata a aprobación dunha nova lista de espera resultante dunha convocatoria posterior que, nese caso, anulará a lista derivada do presente proceso.

En todo caso, a existencia da lista non implica a obriga para o concello de contratar se non o considera necesario.

**12. Proposta de contratación**

A persoa aspirante será requirida para que no prazo máximo de tres (3) días hábiles, contados desde o seguinte ao requirimento realizado para o efecto, presente a seguinte documentación acreditativa de que cumpre os requisitos esixidos na base 4:

1.Certificado acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza á que se aspira ou, no seu caso, declaración responsable.

2. Declaración responsable de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

3. Declaración xurada de non atoparse incurso/a en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente (artigo 13 do Real decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades) e referido ao momento do chamamento.

4. Certificado de delitos de natureza sexual, emitido polo Ministerio de Xustiza.

4. Tarxeta da Seguridade Social (no caso de estar de alta) ou declaración de non estar de alta.

5. Acreditación documental da conta bancaria na que se efectuaría o ingreso das súas retribucións.

Se dentro do prazo indicado (agás nos casos de forza maior, debidamente acreditados), a persoa aspirante non presentara a documentación requirida, ou da mesma se deducira que non reúne os requisitos esixidos, non poderá ser contratada como persoal laboral temporal e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que puidera incorrer por falsidade; neste caso, efectuarse un novo chamamento á persoa aspirante que corresponda por orde de puntuación.

**Formalización**

Presentada a documentación pola/os interesada/os, o Sr. Alcalde procederá á formalización do contrato de traballo temporal, substituindo á titular, por período determinado, a xornada completa, coa categoría de bibliotecario/a, grupo 2.

**13. Réxime de recursos**

As presentes bases e a convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polo interesado/a, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o Alcalde que as aprobou, no prazo de 1 mes, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común e das Administracións Públicas, ou ben interpor, directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, en ambos casos contados dende o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da provincia de Lugo (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa). Se se optase por interpor recurso de reposición potestativo, non se poderá interpor un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor calquera outro recurso que puidese considerar máis conveniente para o seu dereito.

**14. Incidencias**

A Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.

**15. Base Xurídica do tratamento de datos.**

Os datos persoais incluídos na solicitude de participación serán tratados unicamente para a xestión do proceso selectivo e as comunicacións que deban realizarse. Cando sexa necesario publicar un acto administrativo que conteña datos persoais publicarase da forma que determina a disposición adicional sétima da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. O Concello será o responsable do tratamento destes datos.

Os/as interesados/as autorizan ao Concello de O Saviñao á publicación, no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello, dos datos persoais que consten no expediente da selección e que sexa necesario publicalos de conformidade con estas bases. A presentación da documentación requirida para participar no proceso de selección presumirá o consentimento para publicar a información nos termos indicados.

O Saviñao, 18 de abril de 2023.- O Alcalde. Juan Carlos Armesto Quiroga.

Anuncio publicado en: Num BOP 92 año 2023 (22/04/2023 08:00:00)

**ANEXO I**

**MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A COBERTURA TEMPORAL DAS NECESIDADES DO SERVIZO DE BIBLIOTECA MUNICIPAL. SISTEMA DE CONCURSO.**

I.- DATOS DA PRAZA Á QUE ME PRESENTO:

- DENOMINACIÓN: BOLSA EMPREGO BIBLIOTECA MUNICIPAL (BIBLIOTECARIO/A. GRUPO 2).
- RÉXIME XURÍDICO: PERSOAL LABORAL TEMPORAL.

II.- DATOS PERSOAIS.

| | | |
|---|---|---|
| NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO |
| DNI: | TELÉFONO MB:<br><br>Correo electrónico: | |
| DOMICILIO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS | MUNICIPIO:<br><br>PROVINCIA: | CÓD. POSTAL |

III.- Declaro que coñezo na súa integridade as bases e a convocatoria pública realizada polo Concello de O Saviñao (Lugo), para a creación de bolsa de emprego que permita cubrir de forma áxil os períodos de vacacións, baixas, permisos, licenzas e outras circunstancias do servizo, en situacións coxunturais de urxencia e necesidade, na categoría de bibliotecario/a, grupo 2, mediante persoal laboral temporal, polo sistema de concurso.

IV.- Declaro que acepto as bases e que son certos os datos consignados na presente instancia de solicitude e que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria.

V.- Declaro que autorizo ao Concello do O Saviñao para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios, na sede electrónica do concello ou en calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

VI.- Solicito ser admitido/a a participar no proceso de selección referido, comprometéndome a someterme as bases que o regulan e presentando a seguinte documentación (marcar cunha cruz):

- DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia.

- Grado ou titulación equivalente.

- Certificado de non ter antecedentes por delitos de natureza sexual.

- Relación de méritos alegados para a súa xustificación, así como os documentos xustificativos dos mesmos segundo o establecido nestas bases.

- Informe de Vida Laboral actualizado.

- Declaración responsable segundo Anexo II.

- Outros:

En O Saviñao, ...... de................ de 2023.

Asdo.

**AO SR. ALCALDE DO CONCELLO DE O SAVIÑAO (LUGO).**

Anuncio publicado en: Num BOP 92 año 2023 (22/04/2023 08:00:00)

**Anexo II**

**MODELO DECLARACIÓN RESPONSABLE**

D/Dª_________________________________________, con DNI nº ________________, con enderezo a efectos de notificacións en ______________________________________.

Teléfono____________________

Dirección correo electrónico ____________________________

**DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE**

Que reúno os requisitos xerais desta convocatoria de **PROCESO SELECTIVO PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A COBERTURA TEMPORAL DAS NECESIDADES DO SERVIZO DE BIBLIOTECA MUNICIPAL, SISTEMA DE CONCURSO DE MÉRITOS,** e declaro:

- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CC.AA., non me atopo en situación de inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desenvolvían no caso do persoal laboral, no que tivera sido separado ou inhabilitado.

- Non atoparme inhabilitado/a ou en situación equivalente non ter sido sometido a sanción disciplinario ou equivalente que impida no meu estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

- Non estou incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

- Ter a capacidade funcional para o desempeño das tarefas: non padecer enfermidades, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das funcións do posto de traballo ofertado.

O Saviñao, ...... de ........................ de 2023.

Asdo.

**AO SR. ALCALDE DO CONCELLO DE O SAVIÑAO (LUGO).**

Aqueles aspirantes que desexen participar no devandito proceso, disporán dun prazo de dez (10) días hábiles para a presentación das instancias dende a publicación deste anuncio no BOP.

Anuncio publicado en: Num BOP 92 año 2023 (22/04/2023 08:00:00)

O Saviñao, 18 de abril de 2023.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 1199

Anuncio publicado en: Num BOP 92 año 2023 (22/04/2023 08:00:00)